

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/34	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	07 de outubro de 2021
Duración	Dende as 12:35 ata as 12:55 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 23.09.2021	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 23 de	

setembro de 2021.

Expediente 1938/2020. Subvencións Directas ou Nominativas. Axudas Municipais á Creación de Emprego

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto, que con data 01 de setembro de 2021, a Sra. Patricia Pereiro López, con nº de DNI.: xxxxxxxx, con domicilio a efectos de notificación Gorís, 32 36579 Lamela- Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2021.

Visto, que con data 20 de setembro de 2021, a Sra. Beatriz Rey Gómez, con nº de DNI.: xxxxxxxx, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Santa Eulalia, 18 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2021-

Visto que, achegan a documentación solicitada polas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego.

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases as persoas solicitantes obteñen as seguintes puntuacións:

- Patricia Pereiro López, apertura de local, alta autónomos, e contratación persoal muller: 2.400€
- Beatriz Rey Gómez, parada de longa duración, apertura de local, alta en autónomos, e contratación persoal muller: 2.700€

Vista a validación da intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o presente acordo:

1º Conceder á Sra. Patricia Pereiro López, por apertura de local, alta en autónomos e contratación de persoal muller, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2021 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 2.400 €.

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

2ª Conceder ao Beatriz Rey Gómez, por parada de longa duración, alta en autónomos, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 2.700 €.

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade.

Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de xaneiro de 2021 ata 31 de decembro de 2021

Expediente 1234/2020. Contratacións. PROCEDIMENTO ABERTO DE SERVIZOS - "SERVIZO DE MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDA".

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe emitido pola concelleira de emprego, persoal e comercio, medio ambiente, servizos e industria, de data 24 de setembro de 2021 no que se propón a contratación dunha empresa para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arborado do Concello de Silleda, por carecer de persoal propio que poida facerse cargo da realización daqueles traballos que permitan manter un nivel de calidade suficiente para o goce dos veciños das zonas verdes das que dispoñemos.

Da análise dos elementos a conservar e da frecuencia dos traballos requiridos obtemos o seguinte cadro, do que se extrae a valoración económica do servizo que servirá como presuposto base de licitación, entendéndose como o límite máximo que este Concello poderá comprometer durante os tres anos de duración do mesmo, e que ascende a 160.845,34 euros (53.615,11 euros/ano (44.310,01 euros mais 9.305,00 euros de IVE)).

ZONA	VISITAS / ANO	COSTE VISITA	COSTE MENSUAL	COSTE ANUAL
ROTONDA N525/PARTERRES	18,00	174,30 €	261,45 €	3.137,40 €
PARQUE IGREXA/RÚA STA EULALIA	18,00	26,90 €	40,35 €	484,20 €
PARQUE IGREXA/STA EULALIA - PODA	1,00	1.226,40 €	102,20 €	1.226,40 €
PARQUE DAS PEDROSAS	2,00	785,40 €	130,90 €	1.570,80 €
CENTRO SOCIAL MAIORES/AVDA DO PARQUE	18,00	35,18 €	52,76 €	633,15 €
CENTRO SOCIAL MAIORES - PODA	1,00	97,65 €	8,14 €	97,65 €
AVENIDA DO PARQUE	18,00	117,08 €	175,61 €	2.107,35 €
PRAZA BENITO RIVAS/RÚA COLMEIRO	18,00	81,38 €	122,06 €	1.464,75 €
PRAZA BENITO RIVAS/FINCA DESBROCE- PODA	1,00	214,99 €	17,92 €	214,99 €
RÚA VENEZUALA/RÚA ALONSO PAZ	18,00	30,45 €	45,68 €	548,10 €
RÚA VENEZUELA/RÚA ALONSO PAZ - PODA	1,00	203,18 €	16,93 €	203,18 €
PARQUE DE OUTEIRO	18,00	49,35 €	74,03 €	888,30 €

PARQUE DE OUTEIRO/RÚA TRASDEZA - PODA	1,00	406,35 €	33,86 €	406,35 €
PRAZA J. SALGUEIRO/FINCA AYTO - DESBROCE/PODA	2,00	198,45 €	33,08 €	396,90 €
PRAZA J. SALGUEIRO	18,00	38,85 €	58,28 €	699,30 €
PRAZA SIÑOR AFRANIO	18,00	28,75 €	43,12 €	517,48 €
PISCINA SILLEDADA	18,00	97,13 €	145,69 €	1.748,25 €
PISCINA SILLEDADA - PODA	1,00	487,20 €	40,60 €	487,20 €
PRAZA MESTRE MATEO/SETO CALLE JOSE ANTONIO	2,00	113,40 €	18,90 €	226,80 €
PRAZA DO CONCELLO	18,00	66,55 €	99,82 €	1.197,88 €
ROTONDA SEMANA VERDE/RÚA DA FEIRA	18,00	99,75 €	149,63 €	1.795,50 €
MEDIANA PO - 205	12,00	583,80 €	583,80 €	7.005,60 €
ARBORES ALIEANCION HIBISCUS ?	1,00	226,80 €	18,90 €	226,80 €
PO -204 PERAIS DE FLOR - PODA	1,00	552,30 €	46,03 €	552,30 €
RÚA ESMORGA - PODA	1,00	2.114,70 €	176,23 €	2.114,70 €
AUDITORIO BANDEIRA/RÚA LOURAS/ CAMPO FUTBOL	18,00	232,45 €	348,67 €	4.184,08 €
PISCINA BANDEIRA	18,00	70,35 €	105,53 €	1.266,30 €
PISCINA BANDEIRA - PODA	1,00	756,00 €	63,00 €	756,00 €
PARCELA RUA FEIRA/BOCACALLES	12,00	86,45 €	86,45 €	1.037,40 €
CAMPO FESTA BANDEIRA - PODA	1,00	1.291,50 €	107,63 €	1.291,50 €
TALUDE CENTRO SAÚDE BANDEIRA - DESBROCE	3,00	781,20 €	195,30 €	2.343,60 €
ROTONDA E PRAZA CENTRO SAÚDE BANDEIRA	18,00	43,05 €	64,58 €	774,90 €
CENTRO SOCIAL BANDEIRA	18,00	19,01 €	28,51 €	342,09 €
SEMI-ROTONDA ENTRADA A BANDEIRA	18,00	28,46 €	42,68 €	512,19 €
COLEXIO A BANDEIRA	3,00	616,88 €	154,22 €	1.850,63 €
PROPOSTA MANTEMENTO ZONAS VERDES - CONCELLO DE SILLEDADA				44.310,01 €

Considerando que o contrato tamén persigue como valor social a integración laboral das persoas con discapacidade e con dificultades de inserción social.

Constando no expediente informe de existencia de crédito de Intervención nº 04/2021 e de plurianualidade do gasto nº 60/2021, de data, ámbolos dous, de 01/10/2021.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Que se inicie o procedemento de adxudicación do contrato de servizos denominado “SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E MELLORA DE PARQUES E XARDÍNS DO CONCELLO DE SILLEDADA” por importe de 160.845,34 euros (53.615,11 euros/ano (44.310,01 euros mais 9.305,00 euros de IVE), polo procedemento aberto por un período de tres anos. Reservándose o contrato a participación de centros especiais de emprego de iniciativa social e empresas de inserción reguladas de conformidade co establecido na Disposición Adicional Cuarta

da LCSP.

Segundo.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- Que por parte da Secretaría municipal se proceda a emitir informe xurídico preceptivo na aprobación aos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, así como ao expediente de contratación de conformidade co disposto na DA3ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cuarto.- Que por parte da Intervención deste Concello se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Expediente 1734/2018. Proposta á XGL desistimento solicitude e arquivo expediente. VEGO SUPERMERCADOS SA UNIPERSONAL

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Presentado escrito por JOAQUIN GONZALEZ IGLESIAS con NIF número XXXXXXXxxxactuando en representación de VEGO SUPERMERCADOS SA UNIPERSONAL, con CIF número A36651313 , o día 25/11/2020 (2020-E-RE-1164), a través do que se solicita LEGALIZACIÓN, CAMBIO DE USO Y COMUNICACIÓN DE ACTIVIDAD DE LOCAL COMERCIAL - supermercado denominado Eroski Center.

Revisada a documentación presentada a técnica municipal María Jose García Fidalgo de emite informe en data 29 de Abril de 2021 no que indica que para a continuación do procedemento o interesado deberá emendar a documentación presentada.

Realizado o correspondente requirimento en data 29 de abril de 2021 (RS nº 2021-S-RE-532).

Visto que transcorrido o prazo concedido ao efecto, o interesado non presenta a documentación solicitada.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Declarar caducado o procedemento de concesión de licenza de LEGALIZACIÓN, CAMBIO DE USO Y COMUNICACIÓN DE ACTIVIDAD DE LOCAL COMERCIAL solicitada por VEGO SUPERMERCADOS SA UNIPERSONAL, con CIF número A36651313, de conformidade co establecido no artigo 95 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por incumprir o requirimento formulado en data 29 de abril de 2021, o que provocou a paralización do expediente por prazo superior a tres meses, e causa imputable ao interesado.

Segundo.- Arquivar o expediente número 1734/2018 denominado LEGALIZACIÓN, CAMBIO DE USO Y COMUNICACIÓN DE ACTIVIDAD DE LOCAL COMERCIAL - supermercado denominado Eroski Center.

Terceiro. - Notificar ás persoas interesadas a presente resolución.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE